

A evolución dos homínidos

Entre uns 6 ou 7 m.a. viviu en África un antecesor común do **ser humano** e dalgúns outros primates actuais (xibóns, orangutáns, gorilas e chimpancés). A partir del, considérase que comeza a evolución dos homínidos. Entre as especies máis importantes das que se atoparon restos fósiles están as que figuran a seguir.



	<p>Orrorin tugenensis é o homínido coñecido máis antigo, xa que comezou a postura bípede hai uns 6 m.a. Os seus restos atopáronse en África oriental no ano 2000 e crese que vivía nun hábitat arborado.</p> <p>Ardipithecus ramidus é algo máis recente (4,5 a 5 m.a.) e vivía na sabana arborada e húmida de África oriental.</p>
	<p>Australopithecus. É un xénero que viviu desde hai 4 m.a. até hai 2,5 m.a. Hai varias especies, como A. anamensis, A. afarensis, A. africanus e A. garhi, e é probable que deles xurdise o xénero <i>Homo</i>. Viviron en rexións arboradas e sabanas húmidas. Eran bípedos e buscaban refuxio nas árbores.</p> <p>Estatura: De 1,10 a 1,40 m Peso: De 30 a 55 kg Capacidade cranial: De 350 a 500 cm³</p>
	<p>Paranthropus. Atopáronse fósiles de varias especies que viviron desde hai 2,7 m. a. até hai 1 m. a. en sabanas arboradas de África oriental como (P. aethiopicus e P. boisei), e África austral como (P. robustus).</p> <p>Estatura: De 1,20 a 1,50 m Peso: De 25 a 55 kg Capacidade cranial: De 420 a 530 cm³</p>
	<p>Homo habilis / Homo rudolfensis. Son dúas especies que viviron hai 2,5 m. a. en sabanas arboradas húmidas de África oriental (Olduvai) e austral (Swartkrans) e son os primeiros homínidos dos que hai coñecemento que comezaron a fabricar utensilios de pedra.</p> <p>Estatura: De 1,15 a 1,40 m Peso: De 25 a 50 kg Capacidade cranial: De 550 a 750 cm³</p>
	<p>Homo ergaster. Viviu en África (setentrional, oriental e austral), Europa e Asia, desde hai 1,9 m. a. até hai 1 m.a., en diversos hábitats, como a sabana aberta ou a montaña media. Saíu de África, o que se relacionou coa súa facultade bípede máis eficaz, a súa adaptación a medios abertos e áridos e a súa dieta máis cárnica.</p> <p>Estatura: De 1,55 a 1,70 m Peso: De 50 a 65 kg Capacidade cranial: De 800 a 950 cm³</p>
	<p>Homo erectus. Viviu desde hai 1,6 m. a. até hai pouco máis de 100000 anos. Fabricaban obxectos de pedra moi perfeccionados, como machadas de man e outras ferramentas e chegou a controlar o emprego do lume. Estendeuse por Europa e Asia e chegou até Xava.</p> <p>Estatura: De 1,5 a 1,8 m Peso: De 40 a 70 kg Capacidade cranial: De 900 a 1300 cm³</p>
	<p>Homo antecessor. Descuberto en Atapuerca (Burgos). Non se atopou ningún exemplar en África e é considerado por moitos investigadores como o tronco común do que derivan <i>Homo neanderthalensis</i> e <i>Homo sapiens</i>. Cun millón de anos de antigüidade, é considerado o homínido máis antigo de Europa.</p> <p>Estatura: sen datos Peso: sen datos Capacidade cranial: Máis de 1000 cm³</p>
	<p>Homo neanderthalensis. Aparece en Europa hai uns 200000 anos. Practicaban ritos funerarios, eran cazadores e recadadores e é posible que desenvolvesen unha linguaxe articulada. Extinguíronse hai uns 30000 anos quizais debido á competencia co <i>Homo sapiens</i>.</p> <p>Estatura: 1,7 m Peso: En torno a 70 kg Capacidade cranial: 1500 cm³</p>
	<p>Homo sapiens. É o ser humano actual. Tivo a súa orixe en África hai uns 200000 anos e tivo unha grande expansión demográfica hai 50000 anos. Chegou a Europa (home de Cromañón) onde coexistiu co <i>H. neanderthalensis</i> durante máis de 10000 anos, aínda que non se sabe se puido haber cruzamentos entre eles.</p> <p>Estatura: De 1,7 a 1,8 m Peso: De 70 a 90 kg Capacidade cranial: 1400 cm³</p>

- 🔍 Que é o grao de encefalización? Que factores puideron influír no seu crecemento?
- 🔍 Cales son as principais características do cerebro humano?